



## BANDO

D. MANUEL ANGEL OTERO LEGIDE, ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO

### **FAI SABER:**

O día 30 de marzo de 2021 saíron publicadas no DOG nº 60 a resolución do 5 de marzo de 2021 pola que se convocan as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 para o ano 2021. Código de procedemento: VI432A).

As bases reguladoras destas axudas están recollidas na orde do 2 de agosto de 2019 publicadas no DOG nº 172 do 11 de setembro de 2019 modificada pola Orde do 17 de abril de 2020 publicada no DOG nº 77 do 22 de abril.

**Obxecto das axuda:** a finalidade das axudas e facilitar o desfrute dunha vivenda en réxime de alugamento aos sectores de poboación con escasos medios económicos mediante a concesión directa de axudas a persoas inquilinas por medio de 2 liñas de axudas:

Liña A, axudas ao alugamento de vivenda habitual e permanente para persoas maiores de idade.

Liña B: axudas á mocidade para menores de 35 anos. (non ter cumpridos os 35 anos no momento da solicitude da axuda)

#### **Persoas beneficiarias** destas axudas:

- Ter nacionalidade española ou residir legalmente en España.
- Ser titulares en condición de persoa inquilina dun contrato de alugamento cunha duración mínima dun ano con mención expresa da súa referencia catastral cuxos efectos sexan anteriores o último día de prazo de presentación das solicitudes.
- Que a vivenda arrendada constitúa a súa residencia habitual e permanente. Deberán estar empadroados na vivenda.
- Que a renda mensual da vivenda non supere os importes establecidos no artigo 10 das bases reguladoras.
- Que os ingresos das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia sexan inferiores a 2 veces o Iprem. Este límite pode excederse ata 4 veces o Iprem cando se trate de familias numerosas ou persoas con discapacidade.
- Que os ingresos da unidade de convivencia non sexan inferiores a 0,7 veces o Iprem.

**O prazo para solicitar as axudas remata o 30 de abril de 2021.**

Para máis información e tramitación poden dirixirse Concello de Mondoñedo (**Servizos Sociais e oficina de Rehabilitación**) ou chamando ao teléfono **982524003**.

O que se fai saber para xeral coñecemento.

Mondoñedo, na data da sinatura dixitalmente a súa marxe polo Alcalde do Excmo. Concello de Mondoñedo

D. Manuel Angel Otero Legide

